

**A** análise deste apartado basearase nos datos facilitados polo INE, os presupostos Xerais da Xunta, a Ofina de Justificación da Difusión (OJD), a Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación, e a Dirección Xeral de Promoción Cultural.

O **cadro 6.4.1.** reflicte o presuposto consolidado da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e a súa distribución por programas. Este presuposto ascendeu a 27.144 millóns de pesetas en 1998, un 0,37% máis que no exercicio anterior, cando se adicou un total de 27.043,3 millóns.

Tal e como recolle ese **cadro 6.4.1.**, os programas cun maior presuposto son, por unha banda, o de Radiodifusión e TVG, con 10.898,3 millóns de pesetas, –que tería como obxectivos aporta-los recursos económicos complementarios para o funcionamento da CRTVG e dotar dos recursos necesarios para o desenvolvemento de experiencias de radio e televisión dixitais así como para a participación en programas europeos nas materias de

radiodifusión e televisión– e mailos programas de Xacobeo 99, o de Patrimonio histórico artístico e arqueolóxico e o de Promoción e cooperación cultural, que tiñan presupostado un total de 8.994,3 millóns.

O programa “Fomento da lingua galega”, que en 1997 tivo asignados 2.900,5 millóns de pesetas, desaparece en 1998, xa que pasa a encadrarse na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Neste último ano, a cantidade destinada a este programa ascendeu a 2.837,6 millóns de pesetas.

Xunto á Consellería e o seu organismo autónomo, o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), existen tres sociedades públicas –S.A. Xestión Xacobeo 93, Compañía de Radio Televisión de Galicia (CRTVG) e TurGalicia, S.A.–, cun presuposto total de 13.944 millóns de pesetas en 1998.

#### A actividade editorial

Ó longo de 1998 publicáronse en España, tal e como reflicte o **cadro 6.4.2.**, un total de 55.774 títulos, o que supón un

**CADRO 6.4.1. Presupostos consolidados da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo 1997-98: distribución dos créditos por programas**

	1997	1998	98/97
	<i>(en millóns de pesetas)</i>		<i>(%)</i>
Dirección e Servicos Xerais de Cultura e Xuventude	1.267,0	1.370,7	8,18
Bibliotecas	232,0	232,0	0,00
Arquivos	109,2	91,0	-16,67
Promoción do libro e da lectura	212,0	225,0	6,13
Promoción e cooperación cultural	1.674,6	2.839,6	69,57
Audiovisuais e fotografía	226,0	207,0	-8,41
Difusión e animación sociocultural	315,0	149,5	-52,54
Publicacións	50,8		
Fomento da lingua galega	2.900,5		
Teatro, música e danza	803,1	793,1	-1,25
Fomento da actividade deportiva	3.550,7		
Fomento da actividade xuvenil	1.504,0		
Patrimonio hist., artístico e arqueolóxico	2.466,8	2.366,3	-4,07
Museos	521,9	428,0	-17,99
Exposicións e artes plásticas	85,0	90,0	5,88
Cobertura informativa e apoio a com. social	1.001,8	550,3	-45,07
Radiodifusión e TVG	10.122,9	10.898,3	7,66
Ord. Prom. xest. e form. turismo		1.900,1	
Xacobeo 99		3.788,4	
Fomento e potencia. do turismo		914,7	
Ac. plan crecemento e emprego		300,0	
<b>Total</b>	<b>27.043,3</b>	<b>27.144,0</b>	<b>0,37</b>

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

**CADRO 6.4.2. Producción editorial 1997-98: distribución segundo o idioma da publicación**

	Títulos publicados		
	1997	1998	98/97
	<i>(%)</i>		
Castelán	38.300	44.084	15,1
Catalán	5.965	6.821	14,4
<b>Galego</b>	<b>876</b>	<b>934</b>	<b>6,6</b>
Euskera	861	977	13,5
Outros idiomas ou dialectos nacionais	101	84	-16,8
Alemán	118	143	21,2
Francés	188	205	9,0
Inglés	798	897	12,4
Outros idiomas estranxeiros	733	626	-14,6
En dous ou máis idiomas	773	1.003	29,8
<b>Total títulos publicados</b>	<b>48.713</b>	<b>55.774</b>	<b>14,5</b>

Fonte: INE, Estadística de la producción editorial de libros

crecemento do 14,49% respecto ó ano anterior. Dese total, 934 corresponderon a títulos en galego, o que supón un aumento do 6,62% respecto ó ano 1997. Tendo en conta esta evolución, o peso relativo dos títulos publicados en galego no total español descende do 1,80% de 1997 ata ós 1,67% do último ano.

Atendendo ó **cadro 6.4.3.**, que recolle a produción editorial nas diferentes comunidades autónomas, Galicia publicou

un total de 1.520 títulos, o 2,73% dos títulos que se publicaron en España en 1998, cunha tirada media de 1.657 exemplares. Na produción editorial de libros, o devandito cadro amosa que Galicia é unha das tres comunidades españolas, xunto con Canarias e Navarra, onde descendeu o número de títulos publicados en 1998 en relación ó ano anterior.

Tendo en conta os datos dos **cadros 6.4.2.** e **6.4.3.**, dedúcese que en 1998

CADRO 6.4.3. **Producción editorial nas CC-AA. 1997-98: títulos e exemplares**

	Total		Libros				Folleto			
	1997	1998	1997	1998	1997	1998	1997	1998	1997	1998
	Títulos	Exemplares (1)	Títulos	Exemplares	Títulos	Exemplares	Títulos	Exemplares	Títulos	Exemplares
Andalucía	2.842	3.352	3.112	4.021	2.630	3.079	2.872	3.632	212	273
Aragón	1.201	1.193	5.273	4.498	1.077	1.096	4.985	4.353	124	97
Asturias	680	838	796	1.008	594	731	688	894	86	107
Baleares	562	661	893	1.079	486	582	781	975	76	79
Canarias	601	555	923	554	526	485	550	509	75	70
Cantabria	295	346	491	726	259	321	463	680	36	25
Castela e León	1.678	2.434	2.874	5.090	1.509	2.125	2.400	4.277	169	309
Castela - A Mancha	564	629	1.645	1.926	498	546	1.277	1.738	66	83
Cataluña	16.562	20.006	74.497	120.996	14.761	17.818	67.198	110.653	1.801	2.188
C. Valenciana	3.077	3.706	4.095	4.739	2.752	3.285	3.716	4.274	325	421
Extremadura	180	298	622	286	166	280	609	268	14	18
<b>Galicia</b>	<b>1.516</b>	<b>1.520</b>	<b>2.017</b>	<b>2.519</b>	<b>1.397</b>	<b>1.344</b>	<b>1.846</b>	<b>2.130</b>	<b>119</b>	<b>176</b>
Madrid	15.470	16.032	79.949	78.957	14.341	14.814	72.065	73.330	1.129	1.218
Murcia	445	525	403	575	418	480	386	534	27	45
Navarra	1.084	1.043	4.396	4.493	1.040	979	4.233	3.704	44	64
País Vasco	1.826	2.489	4.399	5.205	1.702	2.243	3.889	4.698	124	246
Riixa	98	111	97	114	88	105	77	103	10	6
Ceuta e Melilla	32	36	25	24	28	31	22	21	4	5
<b>Total</b>	<b>48.713</b>	<b>55.774</b>	<b>186.508</b>	<b>236.810</b>	<b>44.272</b>	<b>50.344</b>	<b>168.058</b>	<b>216.773</b>	<b>4.441</b>	<b>5.430</b>
									<b>18.451</b>	<b>20.037</b>

(1) exemplares en miles

Fonte: INE. Estadística de la producción editorial de libros

CADRO 6.4.4.

Tirada e difusión da prensa escrita 1997-98 <sup>(1)</sup>

	1997		1998	
	Tirada	Difusión	Tirada	Difusión
Atlántico Diario	6.912	4.503	6.294	4.267
ABC ed. Galicia	9.997	5.711	9.395	5.022
El Correo Gallego	18.967	16.507	20.146	17.674
El Mundo del Siglo XXI (ed. Galicia)	14.363	9.678	13.191	8.693
El Progreso	17.280	14.479	17.436	14.805
Faro de Vigo	47.076	39.988	47.451	39.536
ed. dominical	61.221	50.223	60.239	51.274
La Región	13.959	11.636	14.236	11.947
La Voz de Galicia	129.574	107.492	125.464	105.553
ed. dominical	179.246	150.908	169.125	144.285
Marca (ed. Galicia)	40.783	28.933	37.646	27.074

(1) soamente os diarios controlados pola OJD  
Fonte: Oficina de Justificación de la Difusión

aumentou a porcentaxe de títulos publicados en galego en Galicia. En 1998, o 60% dos títulos publicados en Galicia o foron en galego, fronte ó 58% do ano anterior.

Respecto á prensa escrita, o cadro **6.4.5.** amosa que en 1998 La Voz de Galicia segue sendo o principal xornal galego pola súa tirada (125.464 exemplares diarios e 169.125 na edición dominical) e difusión, datos que o convirten no undécimo diario en importancia no conxunto do estado. Atendendo á cantidade de lectores, a Enquisa Xeral de Medios sinala que é o noveno diario en España e que é lido polo 1,5% da poboación.

En Galicia, o grado de penetración destes medios de comunicación, **cadro 6.4.5.**, a pesares do seu aumento no último ano, é inferior ó grado medio existente en España no caso dos suplementos e das revistas, aínda que no caso dos diarios, a petración dos mesmos é superior.

mas, Galicia é a quinta comunidade con menor audiencia acumulada diaria no caso da radio e a sétima no caso da televisión, mentres que é a quinta comunidade con menor penetración no caso do cine.

No concernente ó consumo diario de radio e televisión, o **cadro 6.4.6.** amosa que Galicia presenta un consumo medio de minutos sobre o total da poboación inferior á que presenta España. Concretamente, Galicia, con 90 minutos de media, é a quinta comunidade con menor consumo de radio, e no caso da televisión, sería, con 192 minutos, a cuarta comunidade con menor consumo.

Respecto ó cine, segundo os datos da Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual, en 1998 foron dobradas ó galego 6 películas: *Un amor por descubrir*, *Cando o mundo se acabe seguinte amando*, *A lingua das bolboretas*, *Fisterria*, *Arde amor* e *Blanca Madison*.

Os medios audiovisuais

En relación á radio, televisión e o cine, o **cadro 6.4.5.** reflicte que a penetración dos mesmos en Galicia é inferior á existente en España. Comparado coa situación nas outras comunidades autóno-

Bibliotecas

A Dirección Xeral de Promoción Cultural tiña inscritas, ata o 31 dedecembro de 1998, un total de 242 bibliotecas en Galicia, das que 213 son bibliotecas municipais (**cadro 6.4.7.**).

CADRO 6.4.5.

Penetración dos medios de comunicación nas CC.AA. 1998

(en %)

	Diarios	Suplementos	Revistas	Radio (1)	Televisión (1)	Cine (2)	Internet (3)
Andalucía	27,6	17,6	46,9	51,2	90,2	8,2	2,6
Aragón	39,0	42,1	53,4	53,1	87,3	11,9	5,8
Asturias	51,7	43,1	58,0	62,8	90,4	7,6	3,9
Baleares	45,5	35,5	59,0	47,2	87,3	12,5	5,2
Canarias	37,6	11,9	58,0	53,3	85,4	10,9	4,7
Cantabria	53,0	52,4	62,9	56,7	91,2	9,2	4,1
Castela e León	39,2	34,9	52,4	56,1	88,8	8,5	3,9
Castela-A Mancha	19,7	13,0	41,7	39,9	92,8	7,2	1,2
Cataluña	41,0	39,8	59,9	56,2	91,3	12,2	8,2
C. Valenciana	34,0	30,7	59,4	54,0	92,0	10,8	4,9
Extremadura	29,1	22,1	46,2	48,1	92,3	8,2	2,9
<b>Galicia</b>	<b>39,8</b>	<b>30,5</b>	<b>45,1</b>	<b>51,8</b>	<b>88,3</b>	<b>8,3</b>	<b>2,5</b>
Madrid	33,7	36,7	52,5	51,8	86,5	12,6	5,7
Murcia	29,0	25,2	50,0	53,1	87,1	9,5	4,0
Navarra	61,3	51,0	59,4	58,2	85,8	9,0	5,5
País Vasco	58,4	58,1	57,7	64,0	88,4	11,5	4,5
A Rioxa	46,8	40,8	50,8	53,0	88,7	8,7	5,0
<b>Total</b>	<b>36,9</b>	<b>31,9</b>	<b>53,2</b>	<b>53,5</b>	<b>89,4</b>	<b>10,2</b>	<b>4,6</b>

(1) audiencia acumulada diaria

(2) polo menos unha vez na última semana

(3) uso nos últimos 30 días

Fonte: Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación

CADRO 6.4.6.

Consumo diario de radio e televisión nas CC.AA. 1997-98

(media de minutos sobre o total da poboación)

	1997		1998	
	Radio	Televisión	Radio	Televisión
Andalucía	95	248	91	234
Aragón	100	233	91	195
Asturias	111	190	111	206
Baleares	82	209	80	187
Canarias	93	208	93	195
Cantabria	96	249	94	233
Castela e León	101	204	99	208
Castela - A Mancha	85	264	67	269
Cataluña	114	254	109	239
C. Valenciana	105	253	108	235
Extremadura	85	256	84	235
<b>Galicia</b>	<b>85</b>	<b>197</b>	<b>90</b>	<b>192</b>
Madrid	96	216	84	221
Murcia	119	224	103	216
Navarra	103	198	110	188
País Vasco	111	200	107	197
A Rioxa	113	222	97	190
<b>Total</b>	<b>100</b>	<b>231</b>	<b>96</b>	<b>222</b>

Fonte: Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación

CADRO 6.4.7.

Rexistro de Bibliotecas de Galicia: bibliotecas inscritas ata o 31-12-1998

	Bibliotecas municipais	Axencias de lectura	Total bibliotecas municipais	Bibliotecas non municipais	Bibliotecas rexistradas
A Coruña	67	25	92	14	106
Lugo	33	-	33	-	33
Ourense	30	3	33	7	40
Pontevedra	43	12	55	8	63
<b>Total</b>	<b>173</b>	<b>40</b>	<b>213</b>	<b>29</b>	<b>242</b>

Fonte: Dirección Xeral de Promoción Cultural

O 43,8% das bibliotecas galegas atópase na provincia de A Coruña, que acollía un total de 92 bibliotecas municipais e 14 non municipais. No extremo contrario está Lugo, que conta con 33 bibliotecas, o 13,6% do total de Galicia, todas elas de titularidade municipal. ■